

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15027770	IES A Sardiñeira	A Coruña	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Historia do mundo contemporáneo	1º Bac.	4	140

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	8
4.1. Concrecións metodolóxicas	21
4.2. Materiais e recursos didácticos	23
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	24
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	24
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	26
6. Medidas de atención á diversidade	27
7.1. Concreción dos elementos transversais	29
7.2. Actividades complementarias	30
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	31
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	32
9. Outros apartados	33

1. Introducción

A materia proporcionalle ao alumnado unha visión útil e funcional da historia contemporánea, orientada a promover a observación, análise e interpretación da súa contorna real e a exercer unha cidadanía activa e implicada na vida social. O pensamento histórico, con estratexias e métodos que orientan o estudo do pasado, ponse ao servizo da comprensión do presente para afrontar así os retos que nos formula o século XXI. Porque é desde a observación do mundo actual de onde xorde a necesidade de dirixir a nosa mirada á historia, máis ou menos recente, para obter as claves, coas que entender e mellorar o mundo no que vivimos.

Os problemas e retos que nos formula a realidade globalizada que configura a nosa contorna son múltiples e ineludibles, e non é posible atendelos sen os recursos que nos ofrece a historia contemporánea, que desde hai algo máis de dous séculos trata de lle dar resposta a boa parte destes mesmos desafíos. A materia proporciona ao alumnado experiencias acumuladas polas xeracións que nos precederon, no que xunto aos grandes logros, tamén cabe atopar erros, fracasos e feitos dolorosos que é preciso afrontar para aprender a evitar situacións semellantes.

Doutra banda, a aproximación á metodoloxía histórica obriga ao alumnado ao uso rigoroso e crítico das fontes, á utilización precisa dos conceptos e a historiografía, e ao coñecemento das principais teorías e correntes académicas que foron desenvolvéndose no ámbito da historia e doutras ciencias sociais afíns. Así mesmo, a metodoloxía histórica promove o exercicio de procesos indutivos e de indagación relacionados con estratexias de utilización de documentos e probas, así como á procura e ao tratamento de información e fontes textuais, gráficas, audiovisuais, artísticas, literarias, hemerográficas e sonoras, accesibles en moitos casos grazas a plataformas dixitais.

O alumnado debe adquirir o exercicio do pensamento crítico, fundamentado e razoado, do mesmo xeito que a transferencia de información e do coñecemento elaborado, que ademais de supoñer o uso avanzado de medios dixitais implica tamén o desenvolvemento de estratexias comunicativas eficaces.

Trátanse na materia de Historia do Mundo Contemporáneo os temas e acontecementos fundamentais que marcaron o transcurso da historia contemporánea ata o mundo actual, así como os retos que é necesario afrontar no presente para encarar o século XXI.

Precisamente os retos do mundo actual incide na necesidade de ver a historia como un instrumento non só para a análise do presente, senón tamén para a adopción de compromisos ante os retos do século XXI.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Recoñecer os movementos, accións e transformacións históricas que contribuíron ao afianzamento da liberdade no mundo contemporáneo, a través do estudo comparado de casos e o uso correcto de termos e conceptos históricos, para valorar os logros que supoñen os sistemas democráticos como principal garantía para a convivencia e o exercicio dos dereitos fundamentais.	2	1	2		11	1-2-3	1	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Tomar conciencia do grao de violencia, barbarie e destrución alcanzado polos conflitos da Idade Contemporánea, a través do emprego de fontes históricas fiables, a lectura de textos historiográficos e a elaboración de argumentos propios que preveñan a manipulación da información, para afrontar acontecementos traumáticos do noso pasado recente, evitar a repetición de feitos semellantes, recoñecer as vítimas e defender a aplicación do principio de xustiza universal.	1-5	1			11-31-40	1-2-3		
OBX3 - Identificar a desigualdade como un dos principais problemas das sociedades contemporáneas, recoñecendo as experiencias históricas de determinados colectivos, empregando a análise multicausal e valorando o papel transformador do suxeito na historia, para comprender como se formaron as actuais sociedades complexas, apreciar a riqueza da diversidade social, valorar os logros alcanzados e asumir os retos que formula a consecución de comunidades máis xustas e cohesionadas.	3		1	5	12-31-40	2-3		
OBX4 - Comprender a importancia das identidades colectivas na configuración social, política e cultural do mundo contemporáneo, utilizando o pensamento histórico, os seus conceptos e métodos, para analizar criticamente como se foron construíndo e conformando a través do tempo, elaborar argumentos propios cos que contribuír a un diálogo construtivo, respectar os sentimentos de pertenza e valorar a riqueza patrimonial e o legado histórico e cultural que produciron.	3-5				12-31	2-3		1-2
OBX5 - Identificar e recoñecer os principais retos do século XXI a través de procesos avanzados de procura, selección e tratamento da información, o contraste e a lectura crítica de fontes, para entender o fenómeno histórico da globalización, a súa repercusión no ámbito local e planetario e na vida cotiá das persoas, e mostrar a necesidade de adoptar compromisos ecosociais para afrontar os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.	3		5	1	20-40	3-4	1	
OBX6 - Valorar o significado histórico da idea de progreso e as súas repercusións sociais, ambientais e territoriais no mundo contemporáneo, a través do uso de métodos cuantitativos e da análise multifactorial do desenvolvemento económico, os ritmos de crecemento e a existencia de distintos modelos e sistemas, para tomar conciencia das relacións de subordinación e dependencia, e adoptar un compromiso activo coa sostibilidade, a defensa dos dereitos sociais e o acceso universal a recursos básicos.			4-5		20-50	3-4	1-2	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX7 - Interpretar a función que desempeñaron o pensamento e as ideoloxías na transformación da realidade desde as orixes da Idade Contemporánea ata a actualidade, a través da aproximación á historiografía e aos debates sobre temas clave da historia, para valorar criticamente os distintos proxectos sociais, políticos e culturais xerados, as accións levadas a cabo e as experiencias vividas, desde a perspectiva ética contida na Declaración Universal dos Dereitos Humanos.	3-5			3	12-31-40	2-3		
OBX8 - Describir e analizar os cambios e permanencias que se produciron na sociedade contemporánea, os comportamentos demográficos, os modos de vida e o ciclo vital, prestando especial interese á situación da muller, aos roles de xénero e idade, aos mecanismos de control, dominio e submisión e á loita pola dignidade e contra a discriminación, realizando proxectos de investigación e aplicando o pensamento histórico para recoñecer o valor e importancia dos personaxes anónimos da historia.	5		3	2	12-31-40	2-3		

Descrición:
3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A Revolución francesa e o Imperio	Abordarase a crise do Antigo Réxime e os inicios do parlamentarismo con exemplos en Inglaterra e Estados Unidos. O inicio da contemporaneidade a través do estudo da Revolución francesa e o Imperio. Arte Rococó e arte neoclásico.	5	11	X		
2	A nova era industrial	Nesta unidade explicarase a importancia da Revolución agrícola e o crecemento demográfico. Analizarase a importancia dunha nova fonte de enerxía como o vapor. Abordaranse as novas industrias e explicaranse novas correntes como o Liberalismo económico e o capitalismo. Arquitectura e escultura na segunda metade do século XIX.	10	11	X		
3	Os novos movementos sociais	Nesta unidade analizaremos a nova sociedade industrial. O crecemento das cidades, consecuencia da nova era	10	10	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	Os novos movementos sociais	industrial. Valoraremos o papel da muller dentro da sociedade traballadora do século XIX. Abordaremos as primeiras organizacións obreiras coas súas propostas revolucionarias. A consolidación dos partidos e sindicatos e explicaremos o primeiro feminismo e o proceso de conquista do dereito ao voto.	10	10	X		
4	Movementos Liberais e nacionais	Nesta unidade falaremos dos ciclos revolucionarios de 1830 e 1848. Das unificacións de Italia e de Alemaña e o surximento dos novos estados liberais. Analizaremos os vellos imperios: ruso, austro-húngaro e otomano e finalizaremos falando de dous estados extraeuropeos: os EUA e Xapón. Para finalizar abordaremos o estilo artístico do Romanticismo.	5	10	X		
5	Innovación e dominio colonial	Nesta unidade seguiremos analizando o crecemento industrial e o desenvolvemento urbano causa e consecuencia da segunda revolución industrial. Falaremos das causas do Imperialismo e das súas consecuencias territoriais. Analizaremos os cambios producidos entre 1870 e 1914. A pintura na segunda metade do século XIX.	5	11	X		
6	O ocaso dos Imperios	Nesta unidade abordaremos e analizaremos as causas da Primeira Guerra Mundial e o seu desenvolvemento. Estudiaremos a Rusia tsarista e explicaremos as revolucións rusas de 1917, pasando pola guerra civil hasta chegar á creación da URSS. Finalizaremos analizando as consecuencias da Primeira Guerra Mundial. As vangardias artísticas na primeira metade do século XX.	5	11		X	
7	O mundo despois da Gran Guerra	Nesta unidade falaremos dos felices anos vinte. Empezaremos abordando os duros anos de posguerra, pasando do pesimismo á esperanza. Analizaremos a irrupción da sociedade de masas e a realidade final da crise de 1929 coas súas consecuencias explicando a Gran Depresión e unha posible solución a través do New Deal. A arquitectura e a escultura na primeira metade do século XX.	10	8		X	
8	O auge dos totalitarismos	Nesta unidade analizaremos os ascenso dos totalitarismos e o retroceso das democracias en Europa. Estudiaremos a Stalin e o totalitarismo soviético, ao fascismo italiano e o proceso de nazificación de Alemaña. Facendo unha mención á Guerra Civil Española, a súa internacionalización e o exilio republicano español.	5	8		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
9	A Segunda Guerra Mundial	Nesta unidade desenvolveremos e analizaremos as causas da guerra. A ofensiva nazi e o dominio europeo nazi. Abordaremos o avance e a vitoria dos aliados para finalizar co análise das consecuencias da guerra. Arquitectura e escultura na segunda metade do século XX.	10	8		X	
10	Un mundo dividido en bloques	Nesta unidade explicaremos o concepto de Guerra Fría e os seus inicios. Analizaremos a incursión dun novo protagonista como China. Coñeceremos as numerosas guerras durante a Guerra Fría. Analizaremos a polarización entre sociedades capitalistas e sociedades comunistas. Abordaremos o auxe e a crise da Guerra Fría e finalmente a caída do bloque soviético e a fin da Guerra Fría. A pintura na segunda metade do século XX.	10	10		X	
11	Descolonización e neocolonialismo	Nesta unidade explicaremos as causas da descolonización. Desenvolveremos as primeiras independencias en Asia. Analizaremos a Conferencia de Bandung e que significa o non aliñamento. Abordaremos a descolonización de África. Finalizaremos analizando en conxunto a Independencia e as súas consecuencias plasmadas no neocolonialismo. Manifestacións artísticas da segunda metade do século XX.	5	11			X
12	A construción da Unión Europea	Nesta unidade analizaremos os antecedentes do proxecto europeo, todo o proceso de construción da Unión Europea, o seu funcionamento. Estudiaremos os desafíos globais aos que se enfrenta a Unión Europea.	10	11			X
13	Xeopolítica do mundo actual	Nesta unidade analizaremos aos Estados Unidos, como primeira potencia mundial. Abordaremos o seu cuestionamento ante China, como novo líder mundial. Estudiaremos a Rusia analizando os conflitos post-soviéticos. Falaremos da zona Indo-Pacífico e explicaremos o concepto de xeopolítica para o desenvolvemento a través de dous exemplos como América e África.	5	10			X
14	Os retos do mundo actual	Nesta unidade explicaremos o ecosistema tecnolóxico, a través da análise dun novo contexto socioeconómico. Explicaremos o concepto de A aldea global. Analizaremos a Axenda 2030. Falaremos do Posmodernismo e das ideoloxías alternativas e para finalizar abordaremos a inestable situación do planeta. Arte e as novas tecnoloxías.	5	10			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A Revolución francesa e o Imperio	11

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar e recoñecer os logros que supoñen os actuais sistemas democráticos como o resultado non lineal no tempo dos movementos e accións que contribuíron ao afianzamento e articulación do principio de liberdade, a través da análise dos principais procesos históricos que se desenvolveron, a comprensión dos textos políticos e constitucionais fundamentais e o uso adecuado de termos e conceptos históricos.	Demostra coñecementos básicos de teoría/temas, conceptos e documentos históricos da contemporaneidade. É capaz de explicarse con madurez e profundidade. É capaz de entender por que a Revolución francesa considerase o inicio da era contemporánea. Distingue e entende os inicios do parlamentarismo.	PE	80
CA1.2 - Comprender os conceptos de revolución e cambio no mundo contemporáneo e os elementos e factores que os causan e condicionan, a través do estudo de casos significativos das revolucións burguesas e socialistas que ocorreron ao longo da historia contemporánea, así como dos movementos de acción e reacción que xeraron.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente demostrando que sabe identificar o proceso de cambio e revolución representado pola revolución francesa.		
CA1.3 - Analizar criticamente como se foron construíndo no tempo as identidades colectivas, empregando os conceptos e métodos do pensamento histórico, respectando a pluralidade e os sentimentos identitarios e valorando o legado histórico e cultural destas.	É capaz de comprender e explicar as diferentes etapas da Revolución francesa, cos seus correspondentes protagonistas.	TI	20
CA1.4 - Abordar criticamente os principais temas clave da historia e da actualidade, a través da aproximación ás principais correntes historiográficas e aos usos que se fan da historia, valorando criticamente os principais proxectos sociais, políticos e culturais que tiveron lugar na historia contemporánea desde a perspectiva ética contida na Declaración Universal dos Dereitos Humanos.	É capaz de traballar con diferentes documentos e fontes históricas e de producir traballos de investigación histórica sobre a caída do Antigo réxime e o advenimiento dos ciclos revolucionarios.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O traballo do historiador: fontes históricas, historiografía e narrativas do pasado. Argumentación histórica. Relevancia, causas e consecuencias, cambio e continuidade. Perspectiva histórica nas narrativas sobre o pasado. - A loita pola liberdade: cambio e revolución na época contemporánea: Revolución Francesa e revolucións europeas de 1830 e 1848. O uso da violencia e da protesta social nos séculos XIX e XX. Revolución e reacción. - A nova sociedade liberal: orixe e funcionamento dos sistemas parlamentarios.

UD	Título da UD	Duración
2	A nova era industrial	11

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Comparar os distintos sistemas económicos que se desenvolveron no mundo contemporáneo, a través da súa análise multidisciplinaria e das doutrinas e teorías das que derivan, identificando as relacións de subordinación e de dependencia e os conflitos que xeran, tanto no ámbito nacional como internacional, e xustificando a necesidade do acceso universal aos recursos básicos.	Demostra coñecementos básicos de teoría/temas, conceptos e documentos históricos, con madurez e profundidade. Contesta á proba escrita cun nivel suficiente e satisfactorio sobre ciclos económicos, a súa relación social, política e ambiental. Diferencia entre o liberalismo económico e o capitalismo.	PE	80
CA3.1 - Analizar as condicións de vida, o mundo do traballo e as relacións laborais e a súa conflictividade a través do estudo multidisciplinario dos movementos sociais, particularmente os relacionados co obrerismo, valorando o papel que representan a acción colectiva e do suxeito na historia para o recoñecemento dos dereitos sociais e o benestar colectivo.	É capaz de analizar e entender as condicións de vida na nova sociedade industrial, a súa conflictividade en relación co obrerismo. Realiza proxectos sobre a historia do movemento obreiro.	TI	20
CA3.6 - Analizar os cambios e permanencias na historia, atendendo a procesos de máis longa duración, como os comportamentos demográficos, ciclos vitais e modos de vida na sociedade contemporánea, a través do achegamento ao pensamento histórico e a realización de proxectos de investigación, identificando os mecanismos de control, dominio e submisión, os roles de xénero e idade asignados, así como os escenarios de loita pola dignidade e contra a discriminación de diversos colectivos.	É capaz de realizar proxectos de investigación sobre a evolución da poboación, entende os diferentes ciclos demográficos e exerce empatía hacia os grupos marxinados dunha sociedade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Ritmos e modelos de crecemento económico no mundo: as relacións de dependencia. Ciclos e crises dos sistemas económicos contemporáneos. Factores do desenvolvemento económico e as súas implicacións sociais, políticas e ambientais: da revolución industrial á era postindustrial. - Evolución da poboación, ciclos demográficos e modos de vida. Cambios e permanencias nos ciclos vitais e na organización social do mundo contemporáneo. Grupos vulnerables e marxinados. O papel do suxeito colectivo na historia contemporánea. - Desenvolvemento económico e sostibilidade: da idea do progreso ilimitado do liberalismo clásico aos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.

UD	Título da UD	Duración
3	Os novos movementos sociais	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Describir a evolución dos conceptos de igualdade e de cidadanía na historia contemporánea e as súas derivacións sociais e políticas, a través da análise multicausal dos principais sistemas políticos e sociais dos séculos XIX e XX, identificando as desigualdades e a concentración do poder en determinados grupos sociais.	Demostra coñecementos básicos de teoría/temas, conceptos e documentos históricos, con madurez e profundidade. Contesta á proba escrita cun nivel suficiente e satisfactorio sobre os novos movementos sociais: primeiras organizacións obreiras, consolidación de partidos e sindicatos e o 1º feminismo.	PE	80
CA1.3 - Analizar criticamente como se foron construíndo no tempo as identidades colectivas, empregando os conceptos e métodos do pensamento histórico, respectando a pluralidade e os sentimentos identitarios e valorando o legado histórico e cultural destas.	É capaz de traballar con documentos históricos empregando conceptos e distintos métodos sobre a evolución das organizacións obreiras e do feminismo, as propostas revolucionarias e a súa consolidación.	TI	20
CA1.4 - Abordar criticamente os principais temas clave da historia e da actualidade, a través da aproximación ás principais correntes historiográficas e aos usos que se fan da historia, valorando criticamente os principais proxectos sociais, políticos e culturais que tiveron lugar na historia contemporánea desde a perspectiva ética contida na Declaración Universal dos Dereitos Humanos.	É capaz de entender e valorar os principais proxectos sociais, políticos e culturais como novos movementos sociais implicados na defensa dos dereitos sociais.		
CA1.5 - Contrastar o papel relegado da muller na historia contemporánea, identificando e valorando a importancia das figuras individuais e colectivas como protagonistas anónimas da historia contemporánea, así como o papel dos movementos feministas no recoñecemento dos seus dereitos e no logro da igualdade efectiva de mulleres e homes, así como a corresponsabilidade no coidado das persoas.	É capaz de realizar con rigor histórico traballos de investigación sobre as condicións de vida e traballo da muller, a conquista do dereito a voto.		
CA3.1 - Analizar as condicións de vida, o mundo do traballo e as relacións laborais e a súa conflitividade a través do estudo multidisciplinario dos movementos sociais, particularmente os relacionados co obrerismo, valorando o papel que representan a acción colectiva e do suxeito na historia para o recoñecemento dos dereitos sociais e o benestar colectivo.	É capaz de realizar con rigor histórico traballos de investigación sobre a consecución de melloras nas condicións de vida e traballo da clase traballadora.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A evolución da situación da muller na sociedade contemporánea: mecanismos de dominación e submisión e cambios socioculturais. O movemento pola emancipación da muller e a loita pola igualdade: orixe e desenvolvemento dos movementos feministas. - Igualdade de xénero: situación da muller no mundo e actitudes fronte á discriminación e en favor da igualdade efectiva entre mulleres e homes. - Movementos sociais en favor da igualdade de dereitos, do recoñecemento das minorías e contra a discriminación. - Niveis, condicións e modos de vida nas sociedades contemporáneas: grupos, clases sociais e desigualdade social. Clases medias e estado do benestar nas sociedades avanzadas. - A evolución histórica da clase traballadora e das organizacións obreiras: experiencias e conflitos en defensa dos dereitos laborais e a mellora das condicións de vida.

UD	Título da UD	Duración
4	Movimentos Liberais e nacionais	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Comprender os conceptos de revolución e cambio no mundo contemporáneo e os elementos e factores que os causan e condicionan, a través do estudo de casos significativos das revolucións burguesas e socialistas que ocorreron ao longo da historia contemporánea, así como dos movementos de acción e reacción que xeraron.	Demuestra coñecementos básicos de teoría/temas, conceptos e documentos históricos, con madurez e profundidade. Contesta á proba escrita cun nivel suficiente e satisfactorio sobre o ciclo revolucionario do XIX, as unificacións italiana e alemana. Avalía os imperios ruso, austro-húngaro e otomano.	PE	80
CA1.1 - Identificar e recoñecer os logros que supoñen os actuais sistemas democráticos como o resultado non lineal no tempo dos movementos e accións que contribuíron ao afianzamento e articulación do principio de liberdade, a través da análise dos principais procesos históricos que se desenvolveron, a comprensión dos textos políticos e constitucionais fundamentais e o uso adecuado de termos e conceptos históricos.	É capaz de definir e interpretar por medio de producións históricas propias, documentos históricos alleos como se produciu o avance desde o liberalismo cara á democracia. Revolucións do XIX.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A loita pola liberdade: cambio e revolución na época contemporánea: Revolución Francesa e revolucións europeas de 1830 e 1848. O uso da violencia e da protesta social nos séculos XIX e XX. Revolución e reacción. - O significado histórico e político dos nacionalismos no mundo contemporáneo, factor de conflito e enfrontamento entre pobos e estados: da servidume á cidadanía. Abolicionismo, dereitos civís e dereitos sociais na Idade Contemporánea. - As utopías revolucionarias e os proxectos de transformación social: os movementos democráticos, republicanos e socialistas dos séculos XIX e XX. O papel dos exiliados políticos. - Conservación e difusión do patrimonio histórico: o valor patrimonial, social e cultural da memoria colectiva. Arquivos, museos e centros de divulgación e interpretación histórica.

UD	Título da UD	Duración
5	Innovación e dominio colonial	11

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Valorar o significado histórico da idea de progreso e as súas múltiples consecuencias sociais, territoriais e ambientais, a través do tratamento de datos numéricos, a interpretación de gráficos e a comprensión multifactorial dos ritmos e ciclos de crecemento, argumentando a necesidade de adoptar comportamentos ecosociais que garantan a sostibilidade do planeta.	Demostra coñecementos básicos de teoría/temas, conceptos e documentos históricos, con madurez e profundidade. A través dunha proba escrita avaliar e clasificar a segunda revolución industrial, as causas do imperialismo e os imperios territoriais.	PE	80
CA1.3 - Analizar criticamente como se foron construíndo no tempo as identidades colectivas, empregando os conceptos e métodos do pensamento histórico, respectando a pluralidade e os sentimentos identitarios e valorando o legado histórico e cultural destas.	É capaz de distinguir e diferenciar a través de distintas fontes que impacto ten o colonialismo do século XIX na actualidade. É capaz de debater sobre África onte e hoxe.	TI	20
CA3.3 - Analizar criticamente como se foron construíndo no tempo as identidades colectivas, empregando os conceptos e métodos do pensamento histórico, respectando a pluralidade e os sentimentos identitarios e valorando o legado histórico e cultural destas.	É capaz de distinguir e diferenciar a través de distintas fontes que impacto ten o colonialismo do século XIX na actualidade. É capaz de debater sobre África onte e hoxe.		
CA3.6 - Analizar os cambios e permanencias na historia, atendendo a procesos de máis longa duración, como os comportamentos demográficos, ciclos vitais e modos de vida na sociedade contemporánea, a través do achegamento ao pensamento histórico e a realización de proxectos de investigación, identificando os mecanismos de control, dominio e submisión, os roles de xénero e idade asignados, así como os escenarios de loita pola dignidade e contra a discriminación de diversos colectivos.	É capaz de comparar e contrastar a través de proxectos de investigación o crecemento demográfico e o desenvolvemento urbano.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Imperios e cuestión nacional: dos movementos de liberación á descolonización. - Ritmos e modelos de crecemento económico no mundo: as relacións de dependencia. Ciclos e crises dos sistemas económicos contemporáneos. Factores do desenvolvemento económico e as súas implicacións sociais, políticas e ambientais: da revolución industrial á era postindustrial. - Evolución da poboación, ciclos demográficos e modos de vida. Cambios e permanencias nos ciclos vitais e na organización social do mundo contemporáneo. Grupos vulnerables e marxinaados. O papel do suxeito colectivo na historia contemporánea. - O desenvolvemento tecnolóxico e dixital e os novos retos do futuro económico, social e laboral. - Éxodos masivos de poboación: migracións económicas, climáticas e políticas. O novo concepto de refuxiado. - Valoración e respecto á diversidade social, étnica e cultural: tolerancia e intolerancia na historia do mundo contemporáneo. Defensa dos dereitos das minorías.

UD	Título da UD	Duración
6	O ocaso dos Imperios	11

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Tomar conciencia do grao de violencia, barbarie e destrución alcanzado polos conflitos ocorridos no mundo contemporáneo, así como das causas das conflagracións bélicas e das múltiples transformacións que se producen nos contendentes, a través do emprego de fontes históricas fiables e do uso de datos contrastados, valorando o impacto social e emocional que supón o uso da violencia e o papel das institucións internacionais que velan pola paz e a mediación.	Demuestra coñecementos básicos de teoría/temas, conceptos e documentos históricos, con madurez e profundidade. Contesta a unha proba escrita cun nivel adecuado e satisfactorio sobre as causas e consecuencias dos conflitos ocorridos no mundo contemporáneo.	PE	80
CA1.4 - Abordar criticamente os principais temas clave da historia e da actualidade, a través da aproximación ás principais correntes historiográficas e aos usos que se fan da historia, valorando criticamente os principais proxectos sociais, políticos e culturais que tiveron lugar na historia contemporánea desde a perspectiva ética contida na Declaración Universal dos Dereitos Humanos.	É capaz de distinguir e analizar as guerras mundiais e os grandes conflitos internacionais a través do análise de producións históricas e tratamento de fontes historiográficas.	TI	20
CA2.1 - Entender o significado histórico das transicións políticas e dos procesos de democratización da Idade Contemporánea como fundamento e garantía para a convivencia e o exercicio dos dereitos fundamentais, valorando as implicacións que supoñen o exercicio da cidadanía activa e o respecto ao ordenamento constitucional, e xerando xuízos propios tanto con respecto ao cumprimento de aspiracións e expectativas como ás ameazas e riscos da vida en democracia.	Identifica o exercicio dos valores cívicos e a participación cidadá. Analiza o nacemento dos réximes democráticos e totalitarios no século XX, a través de diferentes documentos históricos.		
CA2.3 - Describir a evolución dos conceptos de igualdade e de cidadanía na historia contemporánea e as súas derivacións sociais e políticas, a través da análise multicausal dos principais sistemas políticos e sociais dos séculos XIX e XX, identificando as desigualdades e a concentración do poder en determinados grupos sociais.	Distingue os principais sistemas políticos democráticos e autoritarios no século XX e XXI, analiza as súas consecuencias.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Conciencia e memoria democrática: coñecemento dos principios e normas constitucionais, exercicio dos valores cívicos e participación cidadá. Coñecemento e respecto aos principios e normas da Declaración Universal dos Dereitos Humanos. A memoria democrática no marco do dereito internacional humanitario: verdade, xustiza, reparación e garantía de non repetición. - Militarización e carreira armamentística. Diplomacia da ameaza e da disuasión: acordos, alianzas e bloques. O mundo en guerra: as guerras mundiais e os grandes conflitos internacionais. A Guerra Civil española, a súa internacionalización e o exilio republicano español. O holocausto e outros xenocidios e crimes de lesa humanidade na historia contemporánea.

Contidos
- Acción colectiva, movemento de masas e liderado político no século XX: nacemento e funcionamento dos réximes democráticos e totalitarios. Fascismo, nazismo, estalinismo e outros movementos autoritarios nos séculos XX e XXI. - Organismos e institucións para a paz: da Sociedade de Nacións á Organización das Nacións Unidas. A inxerencia humanitaria e a xustiza universal.

UD	Título da UD	Duración
7	O mundo despois da Gran Guerra	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Deducir a través do estudo crítico de noticias e datos estatísticos a evolución do estado social, identificando os logros e retrocesos experimentados e as medidas adoptadas polos diferentes estados contemporáneos, así como os límites e retos de futuro, desde unha perspectiva solidaria en favor dos colectivos máis vulnerables.	Demostra coñecementos básicos de teoría/temas, conceptos e documentos históricos, con madurez e profundidade. É capaz de responder satisfactoriamente á unha proba escrita sobre a situación do mundo despois da primeira guerra mundial: a crise do 29.	PE	80
CA2.1 - Entender o significado histórico das transicións políticas e dos procesos de democratización da Idade Contemporánea como fundamento e garantía para a convivencia e o exercicio dos dereitos fundamentais, valorando as implicacións que supoñen o exercicio da cidadanía activa e o respecto ao ordenamento constitucional, e xerando xuízos propios tanto con respecto ao cumprimento de aspiracións e expectativas como ás ameazas e riscos da vida en democracia.	É capaz de analizar fontes historiográficas diversas que foron realmente os felices anos vinte, causas e consecuencias.		
CA2.4 - Comprender a importancia das identidades colectivas na configuración social, política e cultural do mundo contemporáneo, identificando as súas múltiples valencias, mediante a análise crítica de textos históricos e historiográficos e de fontes de información actual, elaborando argumentos propios que contribúan a un diálogo construtivo respecto diso.	Interpreta mediante unha análise crítica de textos históricos e fontes diversas e actuais a irrupción da sociedade de masas.	TI	20
CA3.4 - Valorar o significado histórico da idea de progreso e as súas múltiples consecuencias sociais, territoriais e ambientais, a través do tratamento de datos numéricos, a interpretación de gráficos e a comprensión multifactorial dos ritmos e ciclos de crecemento, argumentando a necesidade de adoptar comportamentos ecosociais que garantan a sostibilidade do planeta.	Analiza diferentes ritmos e modelos de crecemento, e ritmos e modelos de crise, sobre a gran depresión e a solución transitoria do New Deal.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Transicións políticas e procesos de democratización nos séculos XX e XXI. A memoria democrática.

Contidos

- Movements sociais en favor da igualdade de dereitos, do recoñecemento das minorías e contra a discriminación.
- Ritmos e modelos de crecemento económico no mundo: as relacións de dependencia. Ciclos e crises dos sistemas económicos contemporáneos. Factores do desenvolvemento económico e as súas implicacións sociais, políticas e ambientais: da revolución industrial á era postindustrial.
- Niveis, condicións e modos de vida nas sociedades contemporáneas: grupos, clases sociais e desigualdade social. Clases medias e estado do benestar nas sociedades avanzadas.

UD	Título da UD	Duración
8	O auxe dos totalitarismos	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Entender o significado histórico das transicións políticas e dos procesos de democratización da Idade Contemporánea como fundamento e garantía para a convivencia e o exercicio dos dereitos fundamentais, valorando as implicacións que supoñen o exercicio da cidadanía activa e o respecto ao ordenamento constitucional, e xerando xuízos propios tanto con respecto ao cumprimento de aspiracións e expectativas como ás ameazas e riscos da vida en democracia.	Demuestra coñecementos básicos de teoría/temas, conceptos e documentos históricos, con madurez e profundidade. É capaz de responder a valorar de modo satisfactorio e suficiente sobre o retroceso das democracias en Europa e o auxe dos totalitarismos.	PE	80
CA2.3 - Describir a evolución dos conceptos de igualdade e de cidadanía na historia contemporánea e as súas derivacións sociais e políticas, a través da análise multicausal dos principais sistemas políticos e sociais dos séculos XIX e XX, identificando as desigualdades e a concentración do poder en determinados grupos sociais.	Recoñece o totalitarismo soviético, o fascismo e o nazismo por medio de producións históricas guiadas.	TI	20
CA2.4 - Comprender a importancia das identidades colectivas na configuración social, política e cultural do mundo contemporáneo, identificando as súas múltiples valencias, mediante a análise crítica de textos históricos e historiográficos e de fontes de información actual, elaborando argumentos propios que contribúan a un diálogo construtivo respecto diso.	Interpreta por medio dun informe crítico sobre a represión e terror baixo o totalitarismo.		
CA3.3 - Analizar criticamente como se foron construíndo no tempo as identidades colectivas, empregando os conceptos e métodos do pensamento histórico, respectando a pluralidade e os sentimentos identitarios e valorando o legado histórico e cultural destas.	Debate sobre a intolerancia e tolerancia na historia do mundo contemporáneo a través de testemuñas de minorías perseguidas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Acción colectiva, movemento de masas e liderado político no século XX: nacemento e funcionamento dos réximes

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - democráticos e totalitarios. Fascismo, nazismo, estalinismo e outros movementos autoritarios nos séculos XX e XXI. - Transicións políticas e procesos de democratización nos séculos XX e XXI. A memoria democrática. - Identidade e sentimentos de pertenza: recoñecemento da diversidade identitaria, tolerancia e respecto ante as manifestacións ideolóxicas e culturais e recoñecemento e defensa da riqueza patrimonial. - Valoración e respecto á diversidade social, étnica e cultural: tolerancia e intolerancia na historia do mundo contemporáneo. Defensa dos dereitos das minorías.

UD	Título da UD	Duración
9	A Segunda Guerra Mundial	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Tomar conciencia do grao de violencia, barbarie e destrución alcanzado polos conflitos ocorridos no mundo contemporáneo, así como das causas das conflagracións bélicas e das múltiples transformacións que se producen nos contendentes, a través do emprego de fontes históricas fiables e do uso de datos contrastados, valorando o impacto social e emocional que supón o uso da violencia e o papel das institucións internacionais que velan pola paz e a mediación.	Demuestra coñecementos básicos de teoría/temas, conceptos e documentos históricos, con madurez e profundidade. É capaz de valorar por medio dunha proba escrita de modo satisfactorio e suficiente as causa e consecuencias da segunda guerra mundial.	PE	80
CA1.4 - Abordar criticamente os principais temas clave da historia e da actualidade, a través da aproximación ás principais correntes historiográficas e aos usos que se fan da historia, valorando criticamente os principais proxectos sociais, políticos e culturais que tiveron lugar na historia contemporánea desde a perspectiva ética contida na Declaración Universal dos Dereitos Humanos.	Recoñece por medio de diferentes fontes históricas como a barbarie e a destrución abriron as portas aos dereitos humanos.		
CA2.3 - Describir a evolución dos conceptos de igualdade e de cidadanía na historia contemporánea e as súas derivacións sociais e políticas, a través da análise multicausal dos principais sistemas políticos e sociais dos séculos XIX e XX, identificando as desigualdades e a concentración do poder en determinados grupos sociais.	Explica e interpreta grazas a diferentes fontes principalmente históricas quen son as principais vítimas da guerra: a poboación civil.	TI	20
CA2.4 - Comprender a importancia das identidades colectivas na configuración social, política e cultural do mundo contemporáneo, identificando as súas múltiples valencias, mediante a análise crítica de textos históricos e historiográficos e de fontes de información actual, elaborando argumentos propios que contribúan a un diálogo construtivo respecto diso.	Describe mediante producións bibliográficas e testemuñas da época que actitudes adoptou a poboación civil ante a ocupación nazi.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Conciencia e memoria democrática: coñecemento dos principios e normas constitucionais, exercicio dos valores cívicos e participación cidadá. Coñecemento e respecto aos principios e normas da Declaración Universal dos Dereitos Humanos. A memoria democrática no marco do dereito internacional humanitario: verdade, xustiza, reparación e garantía de non repetición. - Militarización e carreira armamentística. Diplomacia da ameaza e da disuasión: acordos, alianzas e bloques. O mundo en guerra: as guerras mundiais e os grandes conflitos internacionais. A Guerra Civil española, a súa internacionalización e o exilio republicano español. O holocausto e outros xenocidios e crimes de lesa humanidade na historia contemporánea. - Acción colectiva, movemento de masas e liderado político no século XX: nacemento e funcionamento dos réximes democráticos e totalitarios. Fascismo, nazismo, estalinismo e outros movementos autoritarios nos séculos XX e XXI. - Organismos e institucións para a paz: da Sociedade de Nacións á Organización das Nacións Unidas. A inxerencia humanitaria e a xustiza universal.

UD	Título da UD	Duración
10	Un mundo dividido en bloques	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Tomar conciencia do grao de violencia, barbarie e destrución alcanzado polos conflitos ocorridos no mundo contemporáneo, así como das causas das conflagracións bélicas e das múltiples transformacións que se producen nos contendentes, a través do emprego de fontes históricas fiables e do uso de datos contrastados, valorando o impacto social e emocional que supón o uso da violencia e o papel das institucións internacionais que velan pola paz e a mediación.	Demuestra coñecementos básicos de teoría/temas, conceptos e documentos históricos, con madurez e profundidade. É capaz de responder a unha proba escrita de modo satisfactorio e suficiente sobre os inicios e desenvolvemento da guerra fría.	PE	80
CA2.3 - Describir a evolución dos conceptos de igualdade e de cidadanía na historia contemporánea e as súas derivacións sociais e políticas, a través da análise multicausal dos principais sistemas políticos e sociais dos séculos XIX e XX, identificando as desigualdades e a concentración do poder en determinados grupos sociais.	Distingue e diferencia a través de diferentes fontes históricas as sociedades capitalistas e as sociedades comunistas.		
CA2.4 - Comprender a importancia das identidades colectivas na configuración social, política e cultural do mundo contemporáneo, identificando as súas múltiples valencias, mediante a análise crítica de textos históricos e historiográficos e de fontes de información actual, elaborando argumentos propios que contribúan a un diálogo construtivo respecto diso.	Recoñece e explica mediante a análise crítica de textos históricos e historiográficos a loita polos dereitos civís fronte á segregación racial.	TI	20

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Comparar os distintos sistemas económicos que se desenvolveron no mundo contemporáneo, a través da súa análise multidisciplinaria e das doutrinas e teorías das que derivan, identificando as relacións de subordinación e de dependencia e os conflitos que xeran, tanto no ámbito nacional como internacional, e xustificando a necesidade do acceso universal aos recursos básicos.	Contrasta por medio de diversas fontes a caída do bloque soviético e o fin da guerra fría.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Acción colectiva, movemento de masas e liderado político no século XX: nacemento e funcionamento dos réximes democráticos e totalitarios. Fascismo, nazismo, estalinismo e outros movementos autoritarios nos séculos XX e XXI. - Transicións políticas e procesos de democratización nos séculos XX e XXI. A memoria democrática. - Niveis, condicións e modos de vida nas sociedades contemporáneas: grupos, clases sociais e desigualdade social. Clases medias e estado do benestar nas sociedades avanzadas.

UD	Título da UD	Duración
11	Descolonización e neocolonialismo	11

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Describir a evolución dos conceptos de igualdade e de cidadanía na historia contemporánea e as súas derivacións sociais e políticas, a través da análise multicausal dos principais sistemas políticos e sociais dos séculos XIX e XX, identificando as desigualdades e a concentración do poder en determinados grupos sociais.	Demostra coñecementos básicos de teoría/temas, conceptos e documentos históricos, con madurez e profundidade. É capaz de responder do modo satisfactorio e suficiente as causas da descolonización en Ásia, África.	PE	80
CA2.4 - Comprender a importancia das identidades colectivas na configuración social, política e cultural do mundo contemporáneo, identificando as súas múltiples valencias, mediante a análise crítica de textos históricos e historiográficos e de fontes de información actual, elaborando argumentos propios que contribúan a un diálogo construtivo respecto diso.	Describe por medio de textos e fontes de información actuais como se produciron as primeiras independencias.	TI	20
CA3.3 - Analizar criticamente como se foron construíndo no tempo as identidades colectivas, empregando os conceptos e métodos do pensamento histórico, respectando a pluralidade e os sentimentos identitarios e valorando o legado histórico e cultural destas.	Distingue o non aliñamento enmarcado dentro da conferencia de Bandung e analiza a independencia e o neocolonialismo empregando conceptos e métodos propios do pensamento histórico.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Transicións políticas e procesos de democratización nos séculos XX e XXI. A memoria democrática. - Movementos sociais en favor da igualdade de dereitos, do recoñecemento das minorías e contra a discriminación. - Valoración e respecto á diversidade social, étnica e cultural: tolerancia e intolerancia na historia do mundo contemporáneo. Defensa dos dereitos das minorías.

UD	Título da UD	Duración
12	A construción da Unión Europea	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Describir a evolución dos conceptos de igualdade e de cidadanía na historia contemporánea e as súas derivacións sociais e políticas, a través da análise multicausal dos principais sistemas políticos e sociais dos séculos XIX e XX, identificando as desigualdades e a concentración do poder en determinados grupos sociais.	Demostra coñecementos básicos de teoría/temas, conceptos e documentos históricos, con madurez e profundidade. Ser capaz de contestar nunha proba escrita de modo satisfactorio e suficiente ao proceso de construción da Unión Europea.	PE	80
CA2.1 - Entender o significado histórico das transicións políticas e dos procesos de democratización da Idade Contemporánea como fundamento e garantía para a convivencia e o exercicio dos dereitos fundamentais, valorando as implicacións que supoñen o exercicio da cidadanía activa e o respecto ao ordenamento constitucional, e xerando xuízos propios tanto con respecto ao cumprimento de aspiracións e expectativas como ás ameazas e riscos da vida en democracia.	Explica por medio de producións históricas os antecedentes do proxecto europeo e os desafíos aos que se enfronta.	TI	20
CA2.4 - Comprender a importancia das identidades colectivas na configuración social, política e cultural do mundo contemporáneo, identificando as súas múltiples valencias, mediante a análise crítica de textos históricos e historiográficos e de fontes de información actual, elaborando argumentos propios que contribúan a un diálogo construtivo respecto diso.	Interpreta o proxecto europeo ante os desafíos globais aos que se ten que enfrontar, por medio de fontes históricas actuais, da gran recesión económica ao conflito ucraíno.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procesos de integración rexional no mundo. A construción da Unión Europea, situación presente e desafíos de futuro. Alianzas internacionais para o logro dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible. - Transicións políticas e procesos de democratización nos séculos XX e XXI. A memoria democrática.

UD	Título da UD	Duración
13	Xeopolítica do mundo actual	10

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Analizar os principais conflitos civís que se produciron na Idade Contemporánea, a través do emprego de textos historiográficos e a elaboración de xuízos argumentados, comprendendo a importancia da memoria histórica e do recoñecemento das vítimas, do principio de xustiza universal e do dereito á verdade, a reparación e a garantía de non repetición.	Demostra coñecementos básicos de teoría/temas, conceptos e documentos históricos, con madurez e profundidade. Distingue e compara por medio de fontes diversas históricas e actuais sobre cales son as superpotencias actuais e como exercen o seu poder, configurando a nova orde internacional.	PE	80
CA4.4 - Xerar opinións argumentadas, debater e transferir ideas e coñecementos sobre a función que desempeñaron o pensamento e as ideoloxías na transformación da realidade, desde as orixes da Idade Contemporánea ata a actualidade, comprendendo e contextualizando os devanditos fenómenos a través do traballo sobre textos históricos e historiográficos e de fontes literarias, do cinema e outros documentos audiovisuais.	Crítica e discusión por medio de textos históricos, fontes literarias, audiovisuais como exercen as superpotencias a súa influencia nestes últimos anos.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Os conflitos fratricidas no mundo contemporáneo: pasados traumáticos e memoria colectiva. Recoñecemento, reparación e dignificación das vítimas da violencia. - A nova orde mundial multipolar: choques e alianzas entre civilizacións. - Ameazas rexionais e planetarias: terrorismo, crime organizado, radicalismos, ciberameazas e armas de destrución masiva. - Crise das ideoloxías e "fin da historia": a era do escepticismo e dos novos populismos. - Os retos das democracias actuais: corrupción, crise institucional e dos sistemas de partidos, tendencias autoritarias e movementos antisistema.

UD	Título da UD	Duración
14	Os retos do mundo actual	10

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Analizar criticamente o fenómeno histórico da globalización e a súa repercusión no ámbito local e planetario, valéndose do manexo de distintas fontes de información e dunha adecuada selección, validación, contraste e tratamento destas, previndo a desinformación e considerando o emprendemento, a innovación e a aprendizaxe permanente como formas de afrontar os retos dunha contorna económica, social e cultural en constante cambio.	Demostra coñecementos básicos de teoría/temas, conceptos e documentos históricos, con madurez e profundidade. Análise documental histórica mediante diversas fontes actuais a que nos enfrontamos neste século XXI e a que retos se enfronta o planeta e a sociedade como protagonistas indiscutibles.	PE	80
CA4.3 - Identificar os principais retos do século XXI e a súa orixe histórica, a través da análise da interconexión entre diversos procesos políticos, económicos, sociais e culturais nun contexto global, argumentando a necesidade de adoptar comportamentos ecosocialmente responsables e orientados á sostibilidade do planeta, a defensa das institucións democráticas, a mellora do benestar colectivo e a solidariedade entre as xeracións presentes e futuras.	Define os novos movementos sociais, o novo contexto socioeconómico, as ideoloxías alternativas buscando información valéndose das TIC.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O proceso de globalización no mundo contemporáneo e as súas implicacións na sociedade actual. Aglomeracións urbanas e desafíos no mundo rural. - A emerxencia climática e os seus desafíos no presente e no futuro. - Comportamento ecosocial: movementos en defensa do medio ambiente e ante a emerxencia climática. Compromiso cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible. - Cidadanía ética dixital: respecto pola propiedade intelectual. Participación e exercicio da cidadanía global a través das tecnoloxías dixitais. Prevención e defensa ante a desinformación e a manipulación. - Solidariedade e cooperación: os grandes desafíos que afectan o mundo e as condutas tendentes ao compromiso social, o asociacionismo e o voluntariado.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía usada á hora de traballar neste curso os contidos da materia debe permitir que o alumnado adquira o coñecemento dos feitos e fenómenos xeográficos e históricos nun sentido amplo co fin de que poida establecer relacións e detectar as repercusións que estes tiveron no seu momento e aínda teñen no presente. Unha vantaxe da materia é que o alumnado adoita a ter coñecementos previos por experiencias vividas, polo que é preciso aproveitálos co gallo de favorecer que siga construíndo a súa aprendizaxe.

As unidades temáticas do curso poden abordarse desde unha perspectiva cronolóxica ou transversal, en función dos obxectivos didácticos e as situacións de aprendizaxe propostas, incidindo na contextualización histórica e xeográfica desde un enfoque multicausal e desde unha perspectiva de estudo comparado. Para iso, pódense priorizar contidos e ir ao esencial.

Adoptarse unha metodoloxía activa e participativa, na que o alumnado constrúa o seu propio coñecemento. Fomentarase o emprego de metodoloxías abertas, flexibles e activas que poñan ao alumnado no reto de resolver as tarefas encomendadas que conduzan a aumentar o seu

interese, a súa motivación e a súa autonomía. De aí que se poidan adoptar neste curso diversos métodos como a clase invertida; aprendizaxe baseada no xogo ou baseada nun problema, etc. Diversificar as metodoloxías segundo a Unidade a traballar, ademais de romper coa rutina, contribuirá a que o docente teña maior perspectiva de coñecemento do alumnado nas diferentes facetas e a detectar tamén as dificultades de aprendizaxe que aparezan e a adoptar os mecanismos de reforzo axeitados (seleccionando tarefas, regulando a esixencia,...).

Por medio de actividades como a simulacións de feitos históricos ou de personaxes; investigacións sobre temas curriculares; redacción de pequenos comentarios históricos e artísticos; exposicións orais; debates, etc., foméntase a iniciativa, a creatividade e o emprendemento do alumnado propiciando que se sinta parte activa do proceso de ensinanza-aprendizaxe.

O uso de mecanismos como a formulación de interrogantes, tormenta de ideas, debates, recreación de feitos, poñerse "en situación de" posibilitan o intercambio de información, o desenvolvemento dun pensamento crítico e a creación dun criterio persoal ou xuízo de valor que conduce á madurez e desenvolvemento do alumnado.

Adoptaranse nalgunha unidade dinámicas de grupo (constrúe unha historia, adiviña quen son, resolve e soluciona,...) xa que a aprendizaxe entre iguais é moi útil. Poden deseñarse tarefas a desenvolver de xeito individual, pequeno grupo ou gran grupo buscando o maior rendemento do alumnado e unha maior interacción entre eles. A posta en común do traballado contribuirá á comprensión dos contidos.

Buscando a interrelación de fenómenos xeográficos e históricos e a captación do interese do alumnado, realizaranse pequenas investigacións sobre a realidade xeográfica e o patrimonio artístico da contorna, que lle servirán tamén para valorar a riqueza do patrimonio máis próximo.

Por outro lado, é recomendable establecer unha diversificación dos itinerarios de aprendizaxe, así como o uso de criterios de flexibilidade que permitan poñer en acción propostas e iniciativas educativas que favorezan a inclusión. Empregaranse distintas estratexias que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado co fin de que adquiran autonomía e aprendan por si mesmos.

Así mesmo, procurarase dar á materia un enfoque multidisciplinar, tratando de establecer relacións con outras materias e de coordinarnos con outros docentes que impartan materia no grupo.

En definitiva, desenvolvendo unha metodoloxía activa, participativa e creativa tratarase de fuxir das clases maxistras, que non posibilitan o coñecemento das capacidades reais do alumnado, as súas habilidades, destrezas e intereses. Porén, a exposición da profesora será esencial, sobre todo, para abordar aqueles contidos conceptuais de maior dificultade.

Por último, debemos contemplar a posibilidade de que neste curso que comeza haxa que desenvolver un ensino non presencial ou semipresencial debido ás diferentes circunstancias de adaptación que precise o alumnado.

Se se dera este caso, o Departamento poderá impartir as clases por medios telemáticos. As tarefas, vídeos, resumos e demais materiais estarán a disposición do alumnado na plataforma online a través da Aula Virtual.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto: Historia do Mundo Contemporáneo (Comunidade en Rede), 1ºBACHARELATO, VVAA, 2022, Ed. Vicens Vives, ISBN/EAN: 9788468287690
Material elaborado polo docente: apuntamentos, resumos, fichas de actividades, presentación con imaxes...
Libros de consulta especializados
Aula Virtual do centro
Páxinas web relacionadas coa materia
Caderno u cartafol de traballo do alumnado
Materiais informáticos
Material audiovisual
Xogos históricos
Mapas xeográficos e históricos
Novelas históricas, novelas gráficas, comics
Cine ou documentais
Material funxible
Prensa escrita

Na actualidade posuímos moitos recursos pedagóxicos para cada momento didáctico ou metodoloxía a empregar.

O libro de texto é un apoio para o profesorado e para o alumnado. Porén, a profesora determinará e xestionará o seu emprego posto que no manual de Historia do Mundo Contemporáneo de 1ºBACH existen unidades didácticas que non se adaptan completamente ao novo currículo e hai un número importante de contidos do currículo que non se recollen no libro.

Ademais do libro de texto, empregárase material complementario elaborado pola docente : apuntamentos, fichas de actividades, presentacións con imaxes, ...

O alumnado deberá ter un caderno de traballo no que se recollan as tarefas de xeito ordenado e con boa presentación. Dito caderno, que será revisado de forma periódica pola profesora, reflexará o traballo da alumna/o e os seus progresos.

Ademais, cómpre destacar os recursos que se ofrecen a través da Aula Virtual que poden realizarse e entregarse a través da plataforma. Esta plataforma dixital permite ao docente plantexar diferentes tipos de tarefas avaliábeis e adaptábeis aos contidos que se están a impartir e posibilita que o alumnado se comunique co profesorado, consulte dúbidas, etc.

Na curso da Aula Virtual da materia recollerase o material traballado na aula : apuntamentos, actividades, presentacións de imaxes,...

No presente o emprego das TIC é fundamental, porén, o docente será selectivo no seu uso, e trasladará o alumnado a necesidade dun emprego responsable das mesmas.

As novelas ou o cine que traten algún dos aspectos do currículo de terceiro adoitan ser un material moi atractivo para afondar e comprender os contidos, e adoitan espertar gran interese entre o alumnado. Poden traballarse na súa totalidade ou parcialmente.

Así mesmo, nalgunha ocasión poden usarse xogos históricos porque adoitan ser do agrado do alumnado.

Por outro lado, resulta moi interesante planificar traballos de carácter manual, elaborados con material funxible - exemplo : os pósteres ou murais temáticos -, que contribuirán a desenvolver a creatividade e outras destrezas entre o alumnado.

Nesta materia abórdanse temas que, en grande medida, están de actualidade como a globalización, a crise enerxética, o medio ambiente, o mundo laboral, as migracións, a democracia, a loita das mulleres polos seus dereitos ...etc, polo que recurrir á prensa é unha boa opción para que o alumnado conecte coa realidade.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezo de curso farase unha proba diagnóstica inicial para coñecer o nivel de competencia e a capacidade das alumnas/os. Dita proba tratará sobre aspectos elementais da asignatura que previsiblemente o alumnado debería controlar ao acabar Cuarto da ESO.

A proba de avaliación inicial consistirá na realización de cuestións curtas e longas, definición de termos, preguntas tipo test, textos para completar, análise de documentos, localización en mapas,etc.

A proba de avaliación inicial permitirá analizar as diferenzas académicas entre o alumnado co fin de proxectar medidas para atender á diversidade da aula. Estableceranse Medidas de reforzo para atender dificultades de aprendizaxe e deseñaranse actividades de ampliación de coñecementos, destinadas ao alumnado con altas capacidades intelectuais.

Ademais desta proba inicial, é necesario comprobar, ao comezo de cada unidade, que coñecementos previos posúe o alumnado sobre a mesma. Realizarase, polo tanto, unha actividade inicial na primeira sesión de cada unidade, que poderá ser unha enquisa, unha tormenta de ideas, a visualización dun fragmento de vídeo, observación de gráficos, comparación de debuxos, pinturas, fotografías,etc.

Esta actividade inicial permitirá tamén comprobar o interese que teñen as alumnas/os sobre o tema, así como precisar máis a metodoloxía e axustar a proposta de tarefas plantexadas para a unidade en función dos resultados.

A proba de avaliación inicial e as actividades iniciais realizadas ao comezo das unidades didácticas non se terán en conta para establecer a cualificación do alumnado.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	5	10	10	5	5	5	10	5	10	10
Proba escrita	80	80	80	80	80	80	80	80	80	80
Táboa de indicadores	20	20	20	20	20	20	20	20	20	20

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	5	10	5	5	100
Proba escrita	80	80	80	80	80
Táboa de indicadores	20	20	20	20	20

Criterios de cualificación:

A avaliación do curso establécese segundo o proceso de avaliación continua e criterios de ponderación a varios niveis. Establécese unha ponderación por unidades didácticas, cada unha delas ten un peso específico no global do curso. Os instrumentos de avaliación, probas escritas e táboa de indicadores, réxense por uns criterios de puntuación e así mesmo de ponderación.

O curso de terceiro comprende 19 C.A e 14 U.D. As probas escritas contan o 80% e as táboas de indicadores un 20%.

A avaliación detectarás as dificultades e incorporará as medidas de ampliación, enriquecemento, reforzo ou adaptación necesarias con diferentes instrumentos. A avaliación inicial determinará os coñecementos previos d@s alumn@s. A avaliación formativa determinará o proceso de ensinanza- aprendizaxe. A avaliación sumativa contrastará a eficacia do proceso educativo (obxectivos conseguidos, promoción d@ alumn@).

Os criterios de cualificación e de promoción da materia de 1ºBACH son os seguintes:

A nota de cada avaliación, comporase en base non só os coñecementos da materia en si, senón tamén ao traballo realizado na clase, así como a entrega das tarefas encomendadas. Terase tamén en conta o progreso e mellora na adquisición de competencias.

-O 80% da nota final de cada unha das tres avaliacións corresponderá á nota media de dous exames parciais con preguntas sobre as unidades didácticas con diverso formato (de desenvolver; de relacionar, de analizar documentos, de definicións,...). Nas probas se especificará o valor de cada pregunta.

-O 20% restante da nota de cada avaliación corresponderá á táboa de indicadores, que comprenderá todas as tarefas e aspectos procedimentais que se encomenden ao alumnado (preguntas curtas e longas de desenvolver; resumos, esquemas, mapas conceptuais; análise guiada de documentos; investigacións; exposicións, etc).

Farase un seguimento do traballo da alumna/o, no que se observará a entrega en prazo e forma, a calidade e as correccións da profesora.

Para superar a avaliación deberase acadar unha nota de 5 puntos, pero se a nota é inferior, realizarase un plan de recuperación do trimestre.

-Para a cualificación final de curso terase en conta o peso porcentual ou ponderado das unidades de cada avaliación:

Nota final= [(Nota 1ª aval. x 30) + (Nota 2ª aval. x 35) + (Nota 3ª aval. x 35)] / 100.

- Antes de rematar a Terceira Avaliación o alumnado non apto (nota inferior a 5 puntos) realizará un plan de recuperación final a finais do terceiro trimestre contando a nota do plan de recuperación final e, de ser o caso, a/s da/s avaliación/s aprobada/s. Para aprobar deben obterse 5 puntos.

- Redondearanse as notas á alza a partir do medio punto.

-Copiar nun exame suporá anulalo e cualificalo cun 0.

-Deberase presentar xustificante médico ás probas non presentadas, se non deberá recuperarse na seguinte avaliación ou na proba de recuperación final.

Criterios de recuperación:

O alumnado que non supere unha avaliación (nota inferior a 5) levará a cabo un plan de recuperación trimestral: realizará unha proba de recuperación e fichas de reforzo. Na nota da recuperación trimestral asígnase un 80% á proba e un 20% ao traballo. A proba será ao comezo do seguinte trimestre excepto na 3ª avaliación realizándose ao final.

A profesora guiará a preparación das probas.

Haberá un plan de recuperación final a finais do terceiro trimestre, cunha proba de recuperación final e coa entrega de tarefas (tarefas 20% da nota da avaliación e exame de recuperación da avaliación 80% da nota da avaliación).

A proba de recuperación final consistirá nun exame con preguntas semellantes ás do curso. Nela o alumnado deberá acadar os contidos mínimos.

Para aquel alumnado que suspendera unha ou dúas avaliacións, calcularase a nota da materia coa nota ou notas resultantes do plan de recuperación final e a da/s avaliación/s aprobadas. Se se teñen todas as avaliacións suspensas se contabilizarán as notas de cada parte avaliada (80% exame de recuperación de cada avaliación e 20% tarefas de cada avaliación). Para aprobar deberanse obter 5 puntos.

O alumnado deberá xustificar a ausencia a todas as probas do curso.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021 establece o Plan de reforzo para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que pase de curso con materias sen superar. No mesmo indícase que o alumnado deberá seguir un plan de reforzo en cada unha das materias non superadas, destinado á súa recuperación e á súa superación.

O plan de reforzo será elaborado polo profesorado que imparte a materia que a alumna ou o alumno teñan pendente de superar, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Igualmente, será un plan que se adapte ás particularidades de cada alumna ou alumno destinatarios. O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte da alumna ou do alumno.

O plan de reforzo debe incluír, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Información relevante sobre a materia ou as materias sen superar.
- c) Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.
- f) Tarefas para realizar, coa debida temporalización.
- g) Seguimento e avaliación.
- h) Acreditación da información á familia.

ORGANIZACIÓN das actividades de seguimento, recuperación e avaliación da MATERIA PENDENTE

As/os alumnas/os coa asignatura pendente do curso anterior serán distribuídos por cursos e asignados ás profesoras do departamento que lles imparten clase, que se encargarán de entregar, corrixir e calificar os boletíns e as probas. As calificacións aparecerán na primeira avaliación, segunda, terceira e final.

O alumnado coa materia pendente que non supere a materia ao calcular a media das cualificacións trimestrais, realizará unha proba de recuperación final no mes de xuño.

Para obter un resultado positivo, o alumnado que ten a materia pendente do curso anterior, seguirá o Plan de Seguimento, recuperación e avaliación da materia pendente desta programación.

PLAN de seguimento, recuperación e avaliación da materia pendente de HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÁNEO DE 1ºBACH

O alumnado coa materia pendente do curso anterior será convocado ao inicio do curso co fin de informalo sobre o plan de recuperación.

Este consistirá na elaboración dun boletín de exercicios relativos aos contidos xeográficos e históricos da asignatura, que será entregado pola profesora a comezo de curso. Ademais da entrega do Boletín, o alumnado coa materia pendente realizará probas escritas, nas que se lle farán preguntas sobre os exercicios do boletín.

O alumnado entregará exercicios do boletín e realizará unha proba escrita en cada trimestre.

As actividades dos boletíns deberán ser entregadas antes das datas estipuladas para proceder a súa corrección antes das probas. As preguntas do boletín se basearán no currículo de todo o curso que estea pendente.

A cualificación da materia pendente por trimestre será a seguinte :

- O 80% da nota corresponderá á proba escrita.
- O 20% restante corresponderá á valoración dos exercicios dos boletíns.

Tras examinarse da Terceira Avaliación, farase a media ponderada das cualificacións trimestrais. O alumnado que non superou a materia - a media das avaliacións trimestrais é inferior a 5- terá unha proba de recuperación final en xuño.

A cualificación mínima para superar a proba de recuperación final será 5 puntos.

O alumno/a será guiado durante o curso de forma periódica pola profesora, o que permitirá realizar un seguimento do seu traballo e aclarar as dúbidas que teña @ alumn@.

Ademais, o alumnado terá a posibilidade de seguir orientacións, reforzo e apoio a través da Aula Virtual ou da Páxina Web do instituto no apartado do Departamento de Xeografía e Historia.

Os exercicios do Boletín deberán entregarse antes das seguintes datas :

1º Trimestre: 20 outubro

2º Trimestre : 16 febreiro

3º Trimestre : 16 maio

As probas trimestrais celebraranse nas seguintes datas :

1º trimestre : 3 novembro

2º trimestre : 1 marzo

3º trimestre: 31 maio

A proba de recuperación final de xuño realizarase na seguinte data :

7 xuño

O alumnado asinará documentos de entrega e recepción dos exercicios do boletín e da entrega das probas nas datas indicadas máis arriba.

En caso de que o alumnado non se presente ás probas de avaliación, só poderá repetilas con xustificante médico. De non ser así, deberá esperar á proba de recuperación final.

6. Medidas de atención á diversidade

As medidas de atención á diversidade dábanse en dous niveis:

-Ao alumnado de altas capacidades proporcionaráselle tarefas de ampliación e afondamento. Ditas actividades poden ir sendo cada vez máis complexas segundo as necesidades pero sempre terán un compoñente motivador para evitar que dito alumnado decaia no seu esforzo.

-Para o alumnado con dificultades de aprendizaxe levarase a cabo un traballo de reforzo e recuperación cunha proposta de material de traballo adaptado para facerllo máis comprensible. Deste xeito o alumnado con dificultades pode decatarse dos seus logros e automotívase máis.

Plantexaranse medidas de reforzo para o alumnado que teña dificultades, de acordo coas súas necesidades concretas. En función destas, adaptaremos a metodoloxía (traballo cooperativo, reforzo individual...) de forma que o docente poida atender a ritmos, capacidades e niveis diferentes, favorecendo así que o alumnado acade un nivel mínimo nas súas capacidades lingüísticas e sociais. O material a empregar pode ser unha adaptación do libro de texto seleccionando contidos e tarefas ou un caderno de traballo cos contidos adaptados elaborado polo docente co asesoramento do Departamento de Orientación.

As medidas ordinarias de atención á diversidade responden ás instrucións da Orde do 8 de setembro de 2021 que regula a atención á diversidade do alumnado na que se indica que, en

coordinación co profesorado titor e o departamento de Orientación, deseñárase unha avaliación inicial que facilite a detección das necesidades do alumnado. As medidas de atención á diversidade serán as seguintes:

1. Adaptación dos graos de consecución dos criterios de avaliación.
2. Gradación da dificultade das actividades de aprendizaxe.
3. Actividades diversas e variadas adaptadas aos distintos ritmos de aprendizaxe.
4. Materiais e recursos diversificados e inclusivos (DUA) que se adapten ás necesidades individualizadas do alumnado.
5. Actividades de reforzo e consolidación.
6. Traballo colaborativo.
7. Procedementos e Instrumentos de avaliación variados e individualizados.
8. Flexibilidade nos tempos de realización de tarefas e probas.
9. Retroalimentación ao alumnado sobre o seu proceso de aprendizaxe.

Poderá contarse nalgún caso concreto con profesorado de apoio na aula, que irá destinado principalmente ao alumnado NEE.

A Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación na educación secundaria obrigatoria, establece que cando un alumno ou alumna presente dificultades á hora de seguir a materia durante todo o curso ou parte del, se lle realizará un plan específico de reforzo na materia.

Contémplase un Plan específico personalizado para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que permaneza un ano máis no mesmo curso.

En cumprimento do artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado, o equipo docente coordinado polo profesorado titor elaborará un plan específico personalizado que ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades da alumna ou do alumno, para tratar de superar as dificultades detectadas.

O plan específico personalizado incluírá, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g) Acreditación da información á familia.

*Actuacións co alumnado que recibe Atención Domiciliaria

No caso do alumnado en atención domiciliaria, o profesorado traballará c@s alumn@s a través da Aula Virtual e do profesor de Atención Domiciliaria- en caso de dispoñer da axuda deste docente- .

Os criterios de avaliación serán os mesmos que os dos alumnos que están no curso de referencia. Os exames faranse en presenza do profesorado de Atención Domiciliaria, que será o encargado de que se cumpran as garantías de obxectividade e autonomía de realización das probas. No caso de non contar coa axuda deste docente, as probas subiranse á Aula Virtual na data e hora fixadas, e a profesora conectarase co alumnado a través da plataforma Webex para supervisar o exame.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora e expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Emprendemento social e empresarial		X			X			
ET.5 - Fomento do espírito crítico e científico	X		X	X		X	X	X
ET.6 - Educación emocional e en valores					X	X	X	X
ET.7 - Igualdade de xénero		X	X				X	X
ET.8 - Creatividade		X			X	X	X	

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14
ET.1 - Comprensión lectora e expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Emprendemento social e empresarial						X
ET.5 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X		X	X
ET.6 - Educación emocional e en valores	X		X	X	X	
ET.7 - Igualdade de xénero			X			
ET.8 - Creatividade	X		X			X

Observacións:

Abordaranse todos os elementos transversais, prestando atención especial á comprensión lectora e a expresión oral e escrita pois o alumnado deberá realizar exposicións orais, ler en diferentes formatos e redactar resumos, opinións, textos, comentarios xeográficos e históricos, etc.

Así mesmo, traballarase de maneira prioritaria a educación cívica, a igualdade, o coidado do medio ambiente, educación para paz, os Obxectivos do Desenvolvemento Sostible...posto que gran parte dos temas do Currículo xiran arredor destes aspectos.

A educación cívico- social é de vital importancia. Fomentárase o respecto e a tolerancia en todos os ámbitos.

A comunicación audiovisual traballarase nas unidades, empregándose como apoio da práctica docente e para contribuír ao desenvolvemento das competencias das TIC do alumnado.

Como tema transversal inclúíuse a comunicación posto que se realizarán debates. Nos debates velarase para que se cumpran as normas de respecto cara as opinións diferentes ás de un, contribuíndo a desenvolver unha actitude cívica e a asunción dos valores constitucionais e democráticos.

O emprendemento tamén é unha competencia moi relevante. Buscarase que o alumnado faga propostas e teña unha actitude participativa no traballo da aula.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visitas a exposicións e museos	Actividade complementaria programada ao inicio do curso	X	X	X
Viaxes culturais	Actividade complementaria programada ao inicio do curso	X	X	X
Roteiros históricos	Actividade complementaria programada ao inicio do curso	X	X	X

Observacións:

As actividades complementarias resultan moi atractivas para o alumnado : sae da rutina, socializa con outros iguais, desenvolve a súa creatividade, motívase,...Así mesmo , este tipo de actividades contribúen a afondar nos contidos do currículo, facilitando a súa comprensión, e a comprobar a súa aplicación real.

As actividades complementarias irán acompañadas dun plan de traballo que debe realizar o alumnado :

-Informaráselle previamente ao alumnado na aula en que consiste a actividade. Durante a actividade propiamente dita deberá realizar unha ficha de traballo. Posteriormente na aula correxirase a ficha e preguntaráselle aos alumn@s sobre a experiencia.

As actividades complementarias non están concretadas e se irán perfilando segundo as necesidades do curso. Neste curso o aproveitamento debe ser o máximo debido a que en 2ºBACH non se permite ningún tipo de saída, polo que 1ºBACH é o curso idóneo para facer saídas culturais ou de intercambio dentro e fóra de Galicia ou de España.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Realiza avaliación inicial
Avalía segundo os criterios de avaliación da programación de forma clara. Criterios coñecidos e claros.
Revisa a realización das tarefas
Os obxectivos didácticos están ben formulados
A selección e temporalización dos contidos e actividades foi axustada
Os criterios de avaliación e cualificación foron claros
Os contidos e actividades relacionáronse cos intereses do alumnado
Metodoloxía empregada
Emprega unha grande variedade de recursos
A práctica docente é innovadora
Medidas de atención á diversidade
Ofrece posibilidades de recuperación
Clima de traballo na aula
Consigue motivar ao alumnado: as actividades foron variadas e motivadoras
Atende e resolve as dúbidas
Crea ambiente de aprendizaxe
É ordenado nas explicacións
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Planifica, ensina e avalía

Outros
Demostra o coñecemento da materia
As explicacións son axeitadas ao grupo clase, explica con claridade
Valoración xeral da materia: 1. Os obxectivos están ben formulados 2. A selección e temporalización dos contidos é axeitada 3. Os criterios de avaliación e cualificación son claros 4. Empregáanse diferentes instrumentos de avaliación
Valora o esforzo
Sabe dirixir as clases
Cumpriu co horario de clase

Descrición:

No tocante á avaliación da práctica docente, realizarase unha enquisa que versará sobre os coñecementos, motivación, metodoloxía, avaliación, puntualidade e xestión da aula. Esta enquisa será proporcionada ao alumnado ao remate do curso. Os resultados contribuirán a mellorar a práctica docente.

Así mesmo, avaliarase o proceso do ensino para o cal dispónse dun cuestionario de autoavaliación cos indicadores de logro puntuables nunha escala de 0 a 10. No cuestionario analizarase a programación (obxectivos, contidos e temporalización, criterios de avaliación e programación), o desenvolvemento da programación (contidos, actividades, distribución do tempo, recursos...) e a avaliación (avaliación inicial, instrumentos axeitados, criterios de cualificación acertados...).

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O profesorado fará de xeito contínuo o seguimento da programación tendo en conta a súa temporalización, os criterios de avaliación, contidos a impartir, metodoloxía, etc....co fin de axustar e incluso modificar aqueles aspectos didácticos que crea necesarios para que dita programación resulte máis real, aplicable e operativa.

Realizarase un seguimento da programación e da práctica docente a través da aplicación Proens por avaliación trimestral, recolléndose datos sobre a temporalización, os axustes dos Criterios de Avaliación, os instrumentos de avaliación, a ponderación dos mesmos, etc.. Toda esta información xunto coa referida aos contidos, metodoloxía, avaliación, etc., será valorada polo docente e os/as membros do Departamento indicando, sobre todo, as posibles razóns das dificultades do desenvolvemento da programación (polo clima da aula, recursos, diversidade de alumnado, etc.). De todo isto se elaborará un informe detallado nas actas do departamento.

Para avaliar o proceso de ensino deben empregaranse os indicadores de logro establecidos na programación e comprobar o seu grao de cumprimento.

Finalmente, nas memorias de final de curso do Departamento recolleranse as propostas de mellora que fosen necesarias poñer en práctica nos cursos sucesivos, procurando ir axustando a programación á temporalidade e á realidade.

9. Outros apartados